

PROGRAMA VERÁN ESGOS 2023



DATOS DA NAI/PAI/TITOR:

Nome e apelidos:	
DNI.	Domicilio:
Teléfono 1:	Teléfono 2:

DATOS DO NENO/A:

Nome e apelidos:	
Data de nacemento:	Idade:
Ten alerxias ou enfermidade:	

CRITERIO DE SELECCIÓN:

Familia monoparental: <input type="checkbox"/>	Mulleres maiores de 45 anos <input type="checkbox"/>
Vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller: <input type="checkbox"/>	Unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos cuidados <input type="checkbox"/>
Mulleres en situación de desemprego de longa duración <input type="checkbox"/>	Conciliación laboral <input type="checkbox"/>

PERIODO DE ASISTENCIA:

Os solicitantes deberán escoller entre as quincenas propostas indicando con números do 1 ao 4 a súa preferencia. Concederanse máis de dúas quincenas sempre que haxa dispoñibilidade.

<input type="checkbox"/> Quincena do 3 ao 14 de xullo	<input type="checkbox"/> Quincena do 31 xullo ao 11 de agosto
<input type="checkbox"/> Quincena do 17 ao 28 de xullo	<input type="checkbox"/> Quincena do 14 ao 25 de agosto

PREZOS POR QUINCENA: 10€ os nenos/as empadroados e 20€ os nenos/as residentes non empadroados

AUTORIZACIÓN

D./Dna. _____

autorizo ao meu(s) fillo(s)/a(s) a participar no campamento urbano de verán que terá lugar en Esgos durante os meses de xullo e agosto de 2023 en horario de 10.00 a 13.30 horas.

Autorizo que lle sean tomadas fotografías/vídeos ó neno/a, que poderán ser reproducidos en calquera medio de comunicación ou perfís en redes sociais do Concello de Esgos.

Asinado:

Esgos, a ___ de _____ de _____

OBSERVACIÓNS: _____

PROGRAMA VERÁN ESGOS 2023



O campamento de verán Esgos 2023 pretende ser unha oferta lúdico/educativa que o Concello de Esgos lles ofrece ás familias para conciliar a vida persoal, laboral e familiar durante as vacacións de verán e, ao mesmo tempo, contribuír á formación socioeducativa da rapazada

DESTINATARIOS/AS: O programa está dirixido a nenas e nenos de 3 a 16 anos. No referente aos rapaces e rapazas de 3 anos, non poderán participar os que aínda non cursaran 4º de educación infantil.

NÚMERO DE PRAZAS: Ofértanse 20 prazas por quenda. No caso de non ter un mínimo de 15 inscritos, non se poderá realizar a actividade.

CRITERIOS DE SELECCIÓN. Para outorgar as prazas teranse en conta os seguintes criterios: Preferentemente ingresos inferiores ao 6,5 veces o IPREM, familias empadroadas no concello de Esgos, que ambos proxenitores traballen actualmente e familias numerosas.

Con carácter prioritario: Familia monoparental, Mulleres maiores de 45 anos, Víctimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, Unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados, Mulleres en situación de desemprego de longa duración e unidades familiares en que existan outras cargas familiares relacionadas cos coidados.

No caso de que as solicitudes superen as prazas ofertadas a selección dos/das aspirantes realizarase en función do cumprimento dos anteriores requisitos. No caso de producirse un empate realizarase un sorteo entre as/os aspirantes que se atopen na mesma situación.

HORARIOS E QUENDAS: Este campamento levarase a cabo de luns a venres, de 10:00 a 13:30 horas, durante os meses de xullo e agosto.

- Do 3 ao 14 de xullo
- Do 17 ao 28 de xullo
- Do 31 de xullo ao 11 de agosto
- Do 14 ao 25 de agosto

Estas quendas son orientativas.

PREZO: Os prezos son os seguintes: 10 €/quincena para os empadroados; 20€/quincena para os residentes non empadroados

As familias con 3 ou máis fillos beneficiaranse dun desconto do 25 %, sobre a cota que lle corresponda con independencia do número de fillos/as matriculados no campamento.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO: Deberán comunicar á persoa encargada da actividade os cambios que se produzan en relación cos datos que figuren na súa folla de inscrición.

Prégase puntualidade na entrega e recollida dos nenos. Máis de catro faltas de asistencia sen xustificar ao campamento, poderá ocasionar a baixa na actividade, e entrará o/a neno/a que corresponda segundo a orde establecida na lista de espera.

OBSERVACIÓNS:

1. Recoméndase vestimenta e calzado cómodo.
2. Cómpre que as/os participantes boten crema solar antes de saír da casa e que traian unha pequena merenda para media mañá, unha gorra e unha botella de auga.
3. No caso de que se realice unha actividade acuática deberán traer unha bolsa con traxe de baño, toalla e chancletas.

PRAZO E INSCRICIÓN: o prazo de solicitude de praza abrangue dende o 16 ata o 23 de xuño (ambos incluídos). O formulario de inscrición poden solicitalo nas oficinas municipais ou preferiblemente a través do correo electrónico info@concelloesgos.com ou biblioesgos@gmail.com

A partir do 27 de xuño publicarase no taboleiro de anuncios do concello a lista de admitidos e excluídos.